

A palabra. Morfoloxía. Análise Morfolóxica

Segmenta estas palabras e indica o significado dos sufixos:

neoirquino mineiro mordedura rodeo amendoeira
 toxais outarelo artúrica ollomoles narcofinanzas

Fai a análise morfolóxica destas palabras derivadas:

Derivados	Prefixo	Lexema	Sufixo Derivativo	VT	Sufixo derivativo	Xº	Nº
estrangulamento							
hospitalarios							
queimaduras							
supersoñios							
olladela							
caprichoso							
anticerimoniais							
abanear							
moradores							
largacía							
floresta							
verdores							
cortesá							
festividade							
contemplación							
aeronavegación							
picapedreiros							
pantrigueiro							
bibliográfico							
futbolista							
coroa							
todopoderoso							
barcarola							
solpor							
epistolografía							
noivado							
olivedo							

Define cun substantivo o significado do primeiro elemento destas palabras:

Bioquímica	Democrático
Poligamia	Fotonovela
Hemofílico	Teleadicto
Equidistante	Vicerreitor
Cromático	Zoológico
Filoloxía	Cisjordania
Monotemático	Ultranacionalista
Topografía	Litografía
Necrópole	Microfilme
Primoxénito	Termómetro
Neofalante	Ortopédico
Endocéntrico	Acuífero
Bisneto	cronómetro

Cal é o substantivo derivado destes verbos co significado de “acción de”? Podes empregar os sufixos -sión/-ción/-zón, -ado/-ádego, -ato, -mento, -ncia/-nza.

Doar	Liderar
Financiar	Ligar
Nacer	Obedecer
Pechar	Poboar
Privar	Pretender
prestar	

Subliña os sufixos das palabras seguintes e indica o seu valor:

Palleiro	Crenza	Pelame	Barbudo	Panadeiro
Cullerada	Manteigoso	Invernía	Socialismo	israelí

Forma o diminutivo dos seguintes termos:

Calor	Irmá
Pai	Pau
Café	Dor
Lapis	Man
Color	po